

1. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é o conxunto de persoas, con 16 anos ou mais, que residen en Galicia.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O período de referencia da enquisa é o ano 2014

2. Marco da enquisa

O marco empregado para a selección da mostra é a base de datos de Tarxeta Sanitaria. Como a enquisa será telefónica, o marco de mostraxe redúcese ó listado de individuos con 16 anos e mais que teñen teléfono na base de Tarxeta Sanitaria.

3. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

O tipo de mostraxe no SICRI 2014 é aleatorio estratificado.

As unidades de mostraxe e análise son os individuos de 16 anos e mais que teñen teléfono na base de Tarxeta Sanitaria. Esta poboación estratifícase en función do sexo e o grupo de idade (16-24, 25-44, 45-64, 65 e mais).

Tamaño de mostra

O tamaño de mostra necesario para a enquisa determinouse a fin de garantir unha axeitada representatividade nos 8 estratos definidos polo sexo e a categoría de idade.

En cada un dos grupos, o tamaño de mostra calculouse para unha prevalencia do 50%, un erro absoluto do 3,5% cun nivel de confianza do 95% e un efecto de deseño de 1,25. Como tamaño de poboación considerouse o Padrón de 2013. Resultou, para cada grupo, un tamaño teórico de $n=980$ que supón un total de $n=7.840$ entrevistas. O traballo de campo desenvolverase ao longo de 12 meses, de febreiro a novembro, polo que en cada mes se realizarán 656 entrevistas (total $n=7.872$), 82 por cada grupo de sexo e idade.

A distribución da poboación por estrato, segundo os datos do Padrón de 2013, é a seguinte:

Idade	Homes	Mulleres	Total
16-24	109.420	104.897	214.317
25-44	406.429	401.405	807.834
45-64	370.815	384.238	755.053
65 e mais	268.912	371.351	640.263
Total	1.155.576	1.261.891	2.417.467